

APORTACIONES Ó COÑECEMENTO DO XÉNERO *AGARICUS* L.: FR. NO NOROESTE DA PENÍNSULA IBÉRICA (I)

por
J.B.BLANCO-DIOS*

Resumo

Apórtanse datos corolóxicos, descritivos e iconográficos dalgúñas especies do xénero *Agaricus*. Todas son citadas por primeira vez para o noroeste da Península Ibérica, excepto *A. agustus* Fr. var. *agustus*.

Cabe destacar polas súas escasas mencións para a Península Ibérica as seguintes: *A. maleolens* F.H.Möller, *A. luteo-maculatus* (F.H.Möller) F.H.Möller e *A. cupreo-brunneus* (J.Schäff. et Steer ex F.H.Möller) Pilát.

Palabras clave: Basidiomycotina, Agaricales, *Agaricus*, taxonomía, coroloxía, España, noroeste Península Ibérica

Summary

The author contribute corologic, descriptive and iconographic dates of some species of the genus *Agaricus*. Except *A. agustus* Fr. var. *agustus*., all of them are new species for the N.W. Iberian Peninsula.

Agaricus maleolens F.H.Möller, *A. luteo-maculatus* (F.H.Möller) F.H.Möller and *A. cupreo-brunneus* (J.Schäff. et Steer ex F.H.Möller) Pilát were little mentioned for the Iberian Peninsula.

Keywords: Basidiomycotina, Agaricales, *Agaricus*, taxonomy, corology, Spain, N.W. Iberian Peninsula

INTRODUCCIÓN

Con este traballo preténdese contribuir a un mellor coñecemento corolóxico e fenolóxico do xénero *Agaricus* no noroeste da Península Ibérica.

Esta aportación intenta continuar coa labor iniciada, no estudio do xénero para esta área, por CASTRO et FREIRE (1989).

Tódalas especies descritas son novidades provinciais e 4 delas, tamén o son para o noroeste da Península Ibérica. Ademais son moi escasas en España *Agaricus*

maleolens F.H. Möller e *A. luteomaculatus* (F.H.Möller) F.H.Möller e *A. cupreo-brunneus* (J.Schäff. et Steer: F.H. Möller) Pilát non fora citada anteriormente (PARRA, 1996).

Para a identificación das especies empregáronse principalmente os traballos de BOHUS (1990) e CAPELLI (1984) e, puntualmente, os de MESPLEDE (1981), MÖLLER (1950), PILÁT (1951) e WASSER (1989).

* Avda. de Vigo 43 Bajo. 36003-Pontevedra

CATÁLOGO DE ESPECIES

Os taxons tratados neste artigo foron ordenados en grupos e seccións, seguindo a obra de CAPELLI (1984) e, dentro destes alfabéticamente; indicando para cada un os datos de recolección e as citas previas para a zona de estudo.

Grupo *RUBESCENTES* F.H.Möller
 Sección *BITORQUES* (Kühner et Romagn. ex Heinem.) Bon et Capelli
Agaricus maleolens F.H.Möller, **Friesia IV: 203 (1952)**

LUGO: Lugo, San Fiz, 29TPH1961, baixo *Quercus robur*, en terreo nú e tamén en prados, 12-XI-1992, J.B.Blanco-Dios, LOU-Fungi 9127

Píleo de 8 a 10,8 cm de diámetro, convexo de xove e logo expandido, á fin algo deprimido no centro, cor crema escura ou

amarelenta (nalgún carpóforo, parda), coa superficie cuberta por delicadas escamas fibrilosas de cor crema (máis marcadas nos exemplares vellos), dispostas radialmente. Marxe branco, sobresainte, lixeiramente involuto, estriado nos carpóforos adultos.

Láminas libres, desde rosa pálido a pardo gris escuro, coa arista estéril.

Estipe de 4,5-9 x 1,2-3,1 cm, branco, bermellizo ó tacto, nú sobre o anel e fibriloso desde este ata a base, onde está recuberto por pequenas escamas pardas. É case fusiforme, coa base caracteristicamente acuminada. Anel ínfero, simple, ténue, branco. Carne branca, compacta, ó corte alaranxada vermelliza en todo o estipe e pardo viñosa no centro do píleo e nas proximidades das láminas. Cheiro desagradable.




Fig. 1.- *Agaricus maleolens* F.H.Möller. A. Esporas. B. Basidios. C. Queilocistidios

Esporas elipsoidais, unigutuladas, con apículo, de 6,3-7,5-(9,4) x 4,5-5,2-(5,9) μ m. Basidios tetraspóricos, craviformes, de 21,6-28,8 x 4,9-7,2 μ m. Queilocistidios fusiformes ou craviformes, de 23,4-36 x 6,7-7,6 μ m (fig. 1).

Especie recentemente publicada coma novidade para España, recollida nas Balears (CONSTANTINO et SIQUIER, 1996) e

en Madrid (PARRA, 1997; DANIEL-ARRANZ, 1997).

Sección *AGARICUS* L.: Fr. ss. P.Karst.
Agaricus cupreo-brunneus (J.Schäff. et Steer ex F.H.Möller) Pilát, **Acta Musei Nationalis Pragae, VI B, 1: 14 (1951)**

PONTEVEDRA: Pontevedra, Salcedo, Iglesia, 29TNG2995, en invernoiro, 24-

IX-1992, 11-X-1992, E.Castro et J.B. Blanco-Dios, LOU-Fungi 9128.

Píleo de 5,5-8 cm de diámetro, hemisférico de xove, despois convexo-expandido, cor pardo púrpura, recuberto de escamas fibrilosas. Nalgún dos carpóforos obsérvanse restos do veo parcial na marxe.

Láminas libres, de cor crema cárnea a parda chocolate, coa arista fértil.

Estipe de 4,2-10,5 x 1,2-2,6 cm, ó principio corto, inchado, branco, con copos baixo o anel, ó fin máis esvelto, glabrescente e bulboso, con rizomorfos. Algúns dos exemplares co estipe esvelto

aparecen cespitosos. Anel súpero, branco, tenue e fráxil, ás veces fugaz.

Carne branco crema, algo rosada ó corte na parte superior do estipe e no centro do píleo. Recede a améndoas amargas.

Esporas oblongas, con 1-3 gúttulas, apiculadas, de 6,1-8,4 x 3,8-5,1 μm . Basidios tetraspóricos, craviformes, de 25,2-29,7 x 7,7-8,2 μm . Queilocistidios moi escasos, laxeniformes, de 28,7-30,7 x 11,9-12,7 μm (fig. 2).

Recollímolo nun invernadeiro acolchado con plástico negro, nos ocos onde vexetaba un cultivo de xudías; así que a presenza do bulbo, o tamaño desproporcionado do estipe e o crecemento cespitoso pódense deber ás condicións deste particular hábitat.

Especie citada para España (MAHIQUES, 1996; JARILLO, 1996).




Fig. 2.- *Agaricus cupreo-brunneus* (J.Schäff. et Steer ex F.H.Möller) Pilát.
A. Esporas. B. Basidios. C. Queilocistidios

Grupo *FLAVESCENTES* F.H.Möller et J. Schäff.

Sección *ARVENSES* Konrad et Maubl.

***Agaricus augustus* Fr. var. *augustus*,
Epicr. Syst. Mycol.: 212 (1836)**

PONTEVEDRA: Pontevedra, Salcedo, Matalobos, 29TNG2996, baixo *Eucalyptus globulus* subsp. *globulus*, 4-XI-1991, J.B.Blanco-Dios, LOU-Fungi 9129; Pon-

tevedra, Lézec, A Xunqueira, 29TNG 3098, baixo *E. globulus* subsp. *globulus*, 19-VI-1997, J.B.Blanco-Dios, LOU-Fungi 9289; Mondariz-Balneario, 29TNG44 75, baixo *Acer negundo* e *Robinia pseudoacacia*, 12-X-1997, J.B.Blanco-Dios et E.Boullosa, LOU-Fungi 9290.

Píleo carnoso, inicialmente globoso, despois convexo-extendido, de 11-15 cm de diámetro, có disco de cor parda vermelliza e coa cutícula disociada en escamas concéntricas de cor parda a ocre, distribuídas gradualmente desde o centro ata a marxe, sobre fondo crema. Toda a cutícula tórnase de cor amarela intensa ó tacto. Nalgúns exemplares obsérvanse pequenos restos do veo parcial na marxe.

Láminas libres, gris crema nos xoves, á fin pardo grisáceo alaranxado escuras, coa arista estéril.

Estipe de 12-13,6 x 2-3,2 cm, oco, branco de xove, logo gris rosáceo por enriba do anel e, por debaixo da mesma cor co píleo; con escamas ata a base,

superficie algodonosa e algo craviforme. Adquire tonalidades pardas ó manipulalo. Anel súpero, branco de xove, despois cor crema, ancho, escamoso na súa parte inferior.

Carne branca, compacta e con reflexos rosáceos no píleo, algo fibrosa no estipe e con tonalidades pardo rosadas na base. Recende a amendoas amargas.

Esporas oblongas, unigutuladas, con apículo, de 7,3-8,9-(10,8) x (4,2)-4,5-5,6-(6,3) μm . Basidios tetraspóricos, craviformes, de 21,6-36 x 6,7-8,5 μm . Queilocistidios catenulados, de 5,4-14,4 x 4,9-10,8 μm (fig. 3).

Especie citada para o noroeste da Península Ibérica somentes da provincia de A Coruña (CASTRO et FREIRE, 1989).




Fig. 3.- *Agaricus augustus* Fr. var. *augustus*. A. Esporas. B. Basidios. C. Queilocistidios

Sección *MINORES* Fr.

***Agaricus luteo-maculatus* (F.H.Möller)
F.H.Möller, Friesia IV: 204 (1952)**

LUGO: Lugo, San Xiao de Bocamaos, 29TPH1366, en cultivo hortícola (fresas) lindante con bosque de *Pinus pinaster*, 8-XI-1992, J.B.Blanco-Dios, LOU-Fungi 9130.

Píleo de 2,3-3,6 cm de diámetro, hemisférico de xove, logo extendido, coa superficie delicadamente fibriloso-sedosa.

Cutícula do disco parda e de cor beige-parduzca con tonos púrpuras no resto.

Láminas libres, ó principio rosadas e, finalmente, cor tabaco, coa arista estéril.

Estipe de 2,3-3,2 x 0,35-0,65 cm, branco, fariñento (especialmente dende o anel ata a base), algo bulboso. Anel súpero, branco, simple.

Carne branca, inmutable, escasa, excepto no centro do píleo. Recende a anís.

Esporas elipsoidais, apiculadas, unigutuladas, negras en masa, de (5,2)-5,6-6,1

x 3,5-4,2 μm . Basidios tetraspóricos, craviformes, de (10,8)-12,6-14,4 x (2,45)-7,2-10,8 μm . Queilocistidios en forma de vexiga, escasos, de 12,6-14,4 x 7,2-10,8 μm (fig. 4).

Especie só citada para España das provincias de Burgos, Huelva e Murcia (PARRA, 1996).




Fig. 4.- *Agaricus luteo-maculatus* (F.H.Möller) F.H.Möller
A. Esporas. B. Basidios. C. Queilocistidios

***Agaricus semotus* Fr., Monogr. Hymen. Sueciae, II: 347 (1863)**

A CORUÑA: Sobrado dos Monxes, Cumbraos, 29TNH8067, na marxe dun rodal de *Cupressus lusitanica* e *C. sempervirens*, 18-X-1997, J.B.Blanco-Dios et E. Boullosa, LOU-Fungi 9291. PONTEVEDRA: Pontevedra, Lourizán, Centro de Investigacións Forestais, 29TNG2793, baixo *Castanea mollissima* e *C. crenata*, 29-IX-1994, J.B.Blanco-Dios, LOU-Fungi 91131; idem, baixo *Cupressus lusitanica*, 9-XI-1994, J.B.Blanco-Dios, LOU-Fungi 9277; idem, rodal de *Chamaecyparis lawsoniana*, 24-X-1997, J.B.Blanco-Dios, LOU-Fungi 9292; Tui, Area, 29TNG2753, baixo *Cryptomeria japonica*, 16-XI-1997, J.B.Blanco-Dios et E. Boullosa, LOU-Fungi 9293.

Píleo de 1,5-4,2 cm de diámetro, de casi hemisférico a convexo, máis ou menos umbonado, recuberto por finas febrías radiais. Cor bastante variable, pero normalmente co disco ocre ou pardo e crema gris a branco suxo cara a marxe, con to-

nos púrpuras en toda a cutícula; amarelea ó tacto. Recolléronse exemplares xoves e vellos coa superficie basecamente púrpura e outros case sen estas tonalidades.

Láminas libres, de cor crema salmón, máis ou menos grises, ata finalmente pardo gris. Arista estéril.

Estipe de 2-6,8 x 0,2-1,1 cm, esvelto, de branco seríceo a crema ocre, con pequenas febrías brancas, especialmente desde o anel ata a base, que é bulbosa e fortemente amarela ó tacto. Varios carpóforos aparecen cespitosos e outros presentan rizomorfos. Anel branco, súpero, fráxil, amarelea ó manipulalo.

Carne moi escasa, branca, algo amarela na base do estipe, excepto un exemplar que adquiría tonalidades viñosas. Recende a anís.

Esporas elipsoidais, con apículo, unigutuladas, de 3,85-5,07 x 2,8-3,5 μm . Basidios tetraspóricos, craviformes, de 10,8-12,6 x 2,7 x 4,5 μm . Queilocistidios craviformes, de (6,3)-10,8-14,4 x 4,5-7,2 μm (fig. 5).

Especie de pequeno tamaño coma a precedente, pero da que se diferencia tanto polo tamaño do estipe como das esporas.

Taxon non citado polo de agora para o cadrante noroccidental de España (PARRA, 1996).



Fig. 5.- *Agaricus semotus* Fr. A. Esporas. B. Basidios. C. Queilocistidios

AGRADECIMENTOS

Á Dra. Marisa Castro polas suxeren-cias e apoio técnico recibido.

BIBLIOGRAFÍA

- BOHUS, G. 1990. *Agaricus* studies, XI (Basidiomycetes, Agaricaceae). A monographical key. *Annales Hist. Nat. Mus. Natn. Hungarici* 82: 39-59.
- CAPELLI, A. 1984. *Agaricus* L.: Fr. ss. *Karst. Fungi Europaei* I. Saronno.
- CASTRO, M.L. et FREIRE, L. 1989. Nuevas aportaciones al género *Agaricus* L.: Fr. en Galicia. *Braña, mongr.* 1: 87-92.
- CONSTANTINO, C. et SIQUIER, J.L. 1996. *Els Bolets de les Balears*. Ed. Micobalear.
- DANIEL-ARRANZ, J. 1997. El género *Agaricus* L.: Fr. en la comunidad de Madrid (España). II. Novedades y especies interesantes. *Bol. Soc. Micol. Madrid* 22: 137-154.
- JARILLO GONZÁLEZ, T. 1996. Crónica

- micológica Calañas (Huelva). *Soc. Mic. Extremeña* 7: 18-23.
- MAHIQUES, R. 1996. Agàrics de la Comunitat Valenciana 1. *Bol. Soc. Mic. Valenciana* 2: 39-65.
- MESPLEDE, H. 1981. Le genre *Psalliota*. Révision. *Bull. Soc. Mycol. Bearn* 74.
- MÖLLER, F.H. 1950. Danish *Psalliota* species I. *Friesia* IV: 1-60.
- PARRA, L.A. 1996. El género *Agaricus* L.: Fr. en España. II. Distribución basada en las citas contenidas en la bibliografía micológica. *Bol. Soc. Micol. Madrid* 21: 31-73.
- PARRA, L.A. 1997. El género *Agaricus* L.: Fr. en España. III. Delimitación y estudio de la sección Bitorques. *Bol. Soc. Micol. Madrid* 22: 113-135.
- PILÁT, A. 1951. The Bohemian species of the genus *Agaricus*. *Acta Musei Nat. Prague* VII B, 1: 1-142.
- WASSER, S.P. 1989. *Tribe Agaricaceae Pat. in the Soviet Union*. Koeltz Scientific Books.